

Mércores, 12 de xullo de 2017

Núm. 133

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
VIGO

Contratos administrativos

OBRAS HUMANIZACIÓN DA RÚA GARCÍA LORCA NO CONCELLO DE VIGO

CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA GARCÍA LORCA

1. Entidade que adxudica

Organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Vías e Obras. Nº expediente 4486-440

2. Obxecto do contrato

A execución das obras do proxecto “Humanización da rúa García Lorca”.

Lugar de execución: Vigo

Prazo de execución: 8 meses. Prórroga: Non procede.

3. Tramitación e procedemento

Tramitación: Ordinaria.

Procedemento: Aberto.

4. Orzamento base

1.206.549,77 euros IVE a soportar pola administración: 253.375,45 euros.

Orzamento total: 1.459.925,22 euros

5. Garantías esixidas

- a) Provisional: non se esixe.
- b) Definitiva: si (5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE).
- c) Complementaria: si, por un importe do 5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE, cando a oferta adxudicada, tivese sido cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente.

6. Obtención da documentación e información

www.vigo.org (perfil do contratante), teléfono (986) 810148. Fax: (986) 226206.

Código seguro de verificación: 7Z4Y253WRGHMP03H



Data límite para solicitar documentación: ata 7 días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

7. Requisitos específicos do contratista

- a) Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira: Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ao prezo do contrato e, documento acreditativo de posuír a seguinte clasificación: Grupo G, subgrupo 6, categoría 4
- b) Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional: Certificacións ou documentos que acrediten a boa execución de contratos de obras ou traballos similares aos do obxecto do contrato executados, como máximo, nos dez últimos anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas). Indicaranse importe, datas e destino público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos dez anos xustifican ter realizado traballos similares aos do obxecto do contrato cuxo importe, en conxunto, sexa igual ou superior ao valor estimado e, documento acreditativo de posuír a seguinte clasificación: Grupo G, subgrupo 6, categoría 4

8. Presentación de Ofertas

- Prazo: rematará ós 26 días seguintes ó da última publicación do presente anuncio no BOP ou no DOG..
- Documentación: a esixida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas e no punto 7 das FEC.
- Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, Pza. do Rei nº 1 36202 VIGO, ata as 13,30 h. do último día de prazo.
- Admisión de melloras: non.
- Prazo da obriga de mante-la oferta: Dous meses contados dende o día da apertura de proposicións.

9. Apertura Ofertas técnica e económica

Entidade, domicilio e localidade: vexase punto 6 do anuncio.

Data e hora: se anunciará no perfil do contratante do Concello de Vigo.

10. Outras informacións:

Páxina web para obtención de información: www.vigo.org

Vigo, a 5 de xullo de 2017.—O Concelleiro delegado de Contratación, P.D. (Decreto 19.6.2015 e Acordo 19.6.2015), David Regades Fernández.

